



ASINADO POR

A Secretaría Xeral acctal
Karina Paula Diaz Artuna
(Resolución da DXAL de 30.04.2026)
29/07/2026



NIF: P1503100H

ANUNCIO 2 DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES DE AGARDA DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE DOCENTES PARA IMPARTIR AS ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRAO C (2026-2028)

Pola Comisión de avaliación do proceso selectivo de referencia na sesión de data 21 de xullo 2026, acordouse, en relación coas alegacións presentadas, o seguinte:

ALEGACIÓNS

• HOTRO208- Operacións básicas de restaurante e bar.

A Comisión de avaliación procede a examinar a alegación presentada por D^a María Milagros Candal Villamizar (registro de entrada 7128/2026).

A alegación baséase nun erro material na data de realización das probas, xa que na resolución núm. 1451, de data 5 de xuño de 2026, da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior se sinalaba o 11 de xuño de 2025. Como ven sinala a interesada é unha data manifestamente incorrecta por atoparnos no ano 2026.

A interesada alega que “non puiden comparecer á realización da fase de oposición, circunstancia que se produciu por unha causa allea á miña vontade e directamente derivada do erro material existente na convocatoria pública”.

Do alegado se desprende o seguinte:

- A interesada coñecía a data da fase de oposición, xa que afirma que non puido comparecer. Esta Comisión entende que si a interesada sabía que **tiña** que comparecer entón **coñecía** a data das probas. De feito está a xustificar a súa non comparecencia por unha causa allea á súa vontade.
- O motivo que alega para non comparecer ás probas é unha causa allea á súa vontade derivada directamente do erro material. Non se considera neste caso que o erro puidera causar ningún tipo de prexuízo, xa que é máis que evidente que a proba non pode celebrarse con carácter retroactivo.
- Así mesmo, en caso de dúbida a interesada podería ter chamado ao servizo de Recursos Humanos do Concello ou ao servizo de Dinamización, Formación e Emprego. Neste sentido consta no expediente dilixencia dunha funcionaria do servizo de Recursos Humanos da existencia dunha chamada telefónica por parte dunha muller poñendo de manifesto o erro na data, informándolle a funcionaria que se trataba dun erro material e que a proba era o 11 de xuño de 2026. Descoñécese a identidade da muller que realizou a chamada telefónica. En caso de ser a alegante estaría informada, e en caso de no selo podería telo feito en caso de dúbida.

Por tanto a Comisión de avaliación, por unanimidade acorda **desestimar a alegación presentada** por Dona María Milagros Candal Villamizar.

• SSCS0208-Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

A Comisión de avaliación procede a examinar a alegación presentada por D^a Susana Fernández Pereiro (registro de entrada 7147/2026) na que solicita:

*“EN LA FASE DE CONCURSO, se revise la puntuación, al no haberse baremado correctamente la documentación presentada, quedando según las bases de la convocatoria, la siguiente puntuación:
(...)”*





ASINADO POR

A Secretaría Xeral acttal
Karina Paula Diaz Artuna
(Resolución da DXAL de 30.04.2026)
29/07/2026



NIF: P1503100H

FORMACION E EMPREGO

Expediente 1704663N

EN CUANTO A LA FASE DE OPOSICIÓN, que se proceda a la revisión presencial o remisión telemática de una copia íntegra de mi ejercicio de examen y de la memoria, junto con la plantilla de corrección oficial debidamente desglosada y la justificación o actas de los criterios aplicados para la asignación de mi calificación provisional, incluidos los criterios objetivos en la defensa de la memoria.

Que se me conceda un plazo complementario de alegaciones a partir del momento en que se me facilite el acceso a dicha documentación, al objeto de poder fundamentar con precisión matemática los errores u omisiones de corrección que puedan existir en la nota asignada.

Que se tenga por presentado este escrito, se admita a trámite y, en mérito a lo expuesto, se proceda a la revisión de la puntuación obtenida, reconociendo una nota final corregida de 9,30 puntos, en la fase concurso y una nota por determinar en la fase oposición.”

A Comisión procede á revisión da puntuación outorgada na fase de concurso co desglose que consta na acta nº2, ratificándose **nas puntuacións outorgadas na valoración levada a cabo o 11 de xuño de 2026**, e por tanto acorda **desestimar a alegación presentada no referente á fase de concurso**.

En canto á fase de oposición a Comisión acorda remitir telemáticamente á interesada os documentos solicitados (o seu exercizo de exame, a memoria, a plantilla de corrección e as actas dos criterios aplicados para a asignación a da súa cualificación provisional, incluídos os criterios obxectivos na defensa da memoria) e outorgarlle un prazo de **tres días hábiles** dende o seguinte ao da recepción da documentación, a efectos de alegacións.

En caso de non presentar alegacións á puntuación outorgada na fase de oposición, a citada puntuación se entenderá definitiva.

En Culleredo, á data da sinatura dixital



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA APAP UXRL WNZP 3NHJ

ANUNCIO Nº2 - SEFYCU 7081660

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 2 de 2